

# OFERTA DE POSTOS ESCOLARES 2021/2022



IES Frei Martín Sarmiento  
Avda. de Vigo, 23 / 36003 Pontevedra  
Tfno. 986 852 654 / Fax. 986 852 066  
www.iesfms.es / ies.freimartin.sarmiento@edu.xunta.gal

E S O			
1º	2º	3º	4º
23	0	0	2

\* das que 9 prazas están reservadas para alumnado con NNEEAE  
(necesidades específicas de apoio educativo)

Bacharelato					
Artes		HH. e CC.SS.		Ciencias	
1º	2º	1º	2º	1º	2º
19	7	13	0	0	0

## Proceso de admisión

### ESO / Bacharelato

## Curso 2021/2022

<https://iesfreimartinsarmiento.com/familias/proceso-de-admision>

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/32849>

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>

MARZO	<b>Presentación de solicitudes</b>	<b>do 1 ao 22 de marzo</b> 19 de marzo: festivo autonómico
	O centro avisa ás familias sobre os cursos nos que se “baremarán” as solicitudes	23, 24 de marzo
ABRIL	<b>Presentación documentación acreditativa dos criterios de baremo.</b>	<b>do 25 de marzo ao 12 de abril.</b>  “Semana Santa” 29,30,31 de marzo: non lectivos 1, 2 e 5 de abril: festivos
	As familias poderán presentar a documentación acreditativa dos criterios de admisión alegados na solicitude. <b>A presentación ten carácter voluntario.</b> De non poder aportarse en tempo e forma entenderase que renuncia á valoración correspondente.	
	<b>Listaxes provisionais</b> de admitidos e non admitidos	<b>23 de abril</b>
MAIO	<b>Reclamacións</b>	26, 27, 28, 29, e 30 de abril
	<b>Listaxes definitivas</b>	<b>14 de maio</b>
XULLO	Matrícula alumnado admitido	Día a determinar (antes do 10 de xullo)
SETEMBRO	Resolución da Comisión de Escolarización das solicitudes non admitidas, fóra de prazo e as presentadas no proceso extraordinario.	<b>2ª semana de setembro</b>

## Solicitudes fóra do período ordinario

<b>Fóra de prazo</b> As presentadas no centro entre o	<b>23 de marzo e o 18 de maio</b>
<b>Proceso extraordinario</b> As presentadas na Xefatura territorial entre o	<b>19 de maio e fin de curso</b>

## SOLICITUDES

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>


Para presentar unha solicitude deberá seguir algunha das opción descritas a continuación:

**- Cubrir a solicitude informaticamente e presentala asinada de xeito manual no centro:**

Para presentar a solicitude presencialmente no centro deberá entrar a seleccionar a opción de menú “*Solicitudes--> Admisión --> Crear*”. Deseguido aparecerá unha pantalla con lapelas na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, accederase á lapela “Confirmar solicitude”. Nesta lapela poderá confirmar os datos que indicou premendo no botón “Confirmar” e poderá descargala para asinar e presentar no centro.

**- Cubrir a solicitude informaticamente e asinala en Sede Electrónica:**

Para presentar a solicitude a través da Sede Electrónica deberá acceder a *admisionalumnado* con usuario de Chave 365 ou con certificado dixital, para elo deberá

premer na icona verde que se atopa arriba a dereita . Posteriormente deberá seleccionar a opción de menú “*Solicitudes-->Admisión--> Crear*”. Deseguido aparecerá unha pantalla con lapelas na que ten que indicar os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, accederase á lapela “Confirmar solicitude”. Nesta lapela poderá confirmar os datos que indicou premendo no botón “Confirmar” e posteriormente premendo no botón “Firmar e presentar en Sede Electrónica”, poderá firmar a solicitude dixitalmente, quedando como presentada no centro, sempre que o proceso de firma remate correctamente.

**IMPORTANTE:** Debe achegar, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia o **anexo I bis dixitalizado (COMPROBACIÓN DE DATOS DOS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR)**, última páxina da solicitude que pode visualizar e descargar nesta aplicación).

Debe achegar escaneada toda a documentación pertinente á hora de presentar solicitude.

**- Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada presencialmente no centro:**

Se non desexa encher a solicitude dixitalmente pode facelo de xeito “manual” e presentala asinada centro.